



INFORME ANUAL DE ACTIVIDADE DOS SISTEMAS COLECTIVOS DE RESPONSABILIDADE AMPLIADA DO PRODUTOR (SCRAP) E DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA

OBXECTO

Presentación electrónica de informe anual de actividade do SCRAP e documentación complementaria.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.
- Lei 6/2021, do 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia.
- Lei 11/1997, do 24 do abril, do envases e residuos de envases, o Real decreto 782/1998, do 30 de abril, polo que se aproba o Regulamento para o desenvolvemento e execución da Lei 11/1997, do 24 do abril, do envases e residuos do envases, e o Real decreto 252/2006, do 3 de marzo, polo que se revisan os obxectivos de reciclaxe e valorización establecidos na Lei 11/1997, do 24 do abril, do envases e residuos de envases, e polo que se modifica o Regulamento para a súa execución, aprobado polo Real decreto 782/1998, do 30 de abril.
- Real decreto 710/2015, do 24 de xullo, polo que se modifica o Real decreto 106/2008, do 1 de febreiro, sobre pilas e acumuladores e a xestión ambiental dos seus residuos.
- Real decreto 110/2015, do 20 de febreiro, sobre residuos de aparellos eléctricos e electrónicos.
- Real decreto 1619/2005, do 30 de decembro, sobre a xestión de pneumáticos fóra do uso.
- Real decreto 679/2006, do 2 de xuño, polo que se regula a xestión dos aceites industriais usados.
- Orde do 7 de xullo do 2020 pola que se habilitan electronicamente os procedementos administrativos de prazo aberto do órgano competente en materia de calidade ambiental e cambio climático da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, e se habilitan na sede electrónica da Xunta de Galicia.

ÓRGANO QUE TRAMITA

Servizo de Residuos - Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático.

DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR

- Formulario de comunicación (**anexo X**).

OUTROS DOCUMENTOS

- Informe anual da actividade do SCRAP de residuos de envases.
- Informe anual da actividade do SCRAP de residuos de pilas e acumuladores.
- Informe anual da actividade do SCRAP de residuos de aparellos eléctricos e electrónicos (RAEE).
- Informe anual da actividade do SCRAP de pneumáticos ao final da súa vida útil.
- Informe anual da actividade do SCRAP de aceites industriais usados .
- Acreditación da representación da persoa xurídica con copia da escritura notarial da representación debidamente inscrita no rexistro mercantil.

FORMULARIOS

- MT201J

PRAZO DE PRESENTACIÓN DOS INFORMES ANUAIS

Nos tres primeiros meses do ano seguinte ao do período de cumprimento para os SCRAP de residuos de aparellos eléctricos e electrónicos (RAEE), para os SCRAP de residuos de envases antes do 31 de marzo, para os SCRAP de residuos de pilas e acumuladores e de aceites industriais usados antes do 1 de abril, e para os SCRAP de pneumáticos ao final da súa vida útil antes do 1 de maio, sempre do ano seguinte ao período anual ao que estean referidos os datos.

LUGAR DE PRESENTACIÓN DOS INFORMES ANUAIS

Tramitación en liña. A estes efectos poderá empregarse a sede electrónica (<https://sede.xunta.gal/portada>).

TAXAS

Este procedemento non está suxeito ao pago dunha taxa administrativa.



NOTA

Esta información ten unicamente carácter orientativo, polo que non substitúe nin modifica as disposicións normativas que regulan os diferentes procedementos administrativos nin, en consecuencia, pode dar orixe a dereitos ou obrigas que non se atopen contemplados na regulamentación específica.

Última modificación: abril 2021